



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DE 2015, CON CARÁCTER
ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201500000000954 de don Luís Iglesias Zas (Expediente número 2015/U007/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que con data do 10 de maio de 2005, a Xunta de Goberno concedeulle, a Álvaro Fernández Ferro, licenza para construción de vivenda unifamiliar en Buxeiros de Abaixo - San Pedro de Sarandón (Licenza número 83/2005), nos termos do proxecto achegado asinado por Jesús M. Carrillo Pena en calidade de arquitecto, e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada dado que a vivenda axústase ao proxecto para o que se concedeu licenza municipal. Se ben a instalación de placas solares con calefacción e auga quente están nunha edificación situada nunha parcela lindante independente, da que se achega a documentación de compra, pero que non está vinculada á finca, polo que se entende que as parcelas deberían ser agrupadas.

Así mesmo apróbase a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.



2.2.- Comunicación previa de don Pablo Seco Miranda. (Expediente 2015/U026/000006)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000006 de comunicación previa presentada por don Pablo Seco Miranda para canalización para proceder á conexión da súa vivenda situada en Outeiro nº 8 –Vilanova co servizo de abastecemento municipal de auga.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa se ben deberá requirir da empresa concesionaria do citado servizo a conformidade das actuacións comunicadas, e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación previa de don Adolfo Almazán Nodar. (Expediente 2015/U026/000007)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000007 de comunicación previa presentada por don Adolfo Almazán Nodar para construción de cerre, de aproximadamente 32 m de lonxitude, con base de formigón, postes e arame, no lugar de Manteles de Arriba –Vedra (Ref. Catastral 1509050301019-1020) cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo do vial, así coma as alturas declaradas dun metro de altura a base e 1,80 metros o total.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Comunicación previa de don Santiago Guerra Carballo. (Expediente 2015/U026/000009)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000009 de comunicación previa presentada por don Santiago Guerra Carballo para colocación de tubería pola gábea, para paso de auga, nunha distancia aproximada de 50 metros en Caxaraville –San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de seis meses

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, non existindo inconveniente en que comece as obras se mantén as condicións declaradas; garantindo o natural discorrer das augas e respectando as servidumes existentes.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



2.5 .- Comunicación previa de don Higinio Carreira González. (Expediente 2015/U026/000011)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000011 de comunicación previa presentada por don Higinio Carreira González para pavimentación con formigón de acceso a finca, de aproximadamente 200 m², construción de cerramento polo linde de aproximadamente 20 metros de lonxitude, con base de formigón e unha altura de 1,50 metros, no lugar de A Igrexa- Merín (Ref. Catastral 15090B504009430000TU), cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; así coma a altura declarada de 1,50m. de base maciza.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e un euros con noventa céntimos (#131,90#).

2.6.- Comunicación previa de dona María Sol Neira Nogueiras. (Expediente 2015/U026/000008)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000008 de comunicación previa presentada por dona María Sol Neira Nogueiras para canalización para recollida de pluviais, de aproximadamente 20 m. de lonxitude, e conexión con rede municipal de pluviais, no lugar de Tomonde (Ref. Catastral 002305800NH43F), cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo colocar tubo de sección suficiente e comunicarlle ao concello para que supervise a conexión coa rede municipal.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3º.- Acordo, se procede, sobre ampliación de cemiterio en Santa Cruz de Ribadulla (Vedra).

Dáse conta do expediente, promovido pola Asociación de Veciños de Santa Cruz, tramitado para ampliación do cemiterio de Santa Cruz de Ribadulla, na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo municipal, segundo o proxecto presentado redactado polo Arquitecto Fermín González Blanco.

Téndose emitido Autorización autonómica previa por Resolución do 7 de setembro de 2015 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Á vista dos informes técnicos favorables e de que durante o prazo de exposición ao público do expediente non se achegaron alegacións, a Xunta de Goberno acorda



informar favorablemente o citado expediente e remitilo á Delegación de Sanidade para o trámite establecido no artigo 19 do Regulamento de cemiterios de Galicia.

4º.- Acordo, se procede, sobre declaración responsable para pór en funcionamento establecemento dedicado a furancho.

4.1.- Instancia núm. 1339 de dona María José Carbia Silva.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por María José Carbia Silva, para por en funcionamento un establecemento dedicado a *Furancho* no lugar de Malfurado (San Andrés de Trobe).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno toma coñecemento da declaración responsable presentada xunto coa documentación que a acompaña asinada por José Manuel Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

Así mesmo:

1º.- O período de apertura do furancho será dende 4 de decembro de 2015 ate o 4 de marzo de 2015.

2º.- As tapas que se sirvan escolleranse das que sinala o Anexo I do decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscrición do establecemento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Deberá comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte achegando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño e memoria da cantidade de viño da que se dispón para a tempada.
- Análise do viño da nova tempada.

4.2.- Instancia número 1482/2015 de Lucía Cobas Rey.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por dona Lucía Cobas Rey, para renovar a autorización concedida para por en funcionamento un establecemento dedicado a *Furancho* no lugar de Galegos, 10 (San Pedro de Vilanova).

Dáse conta, así mesmo, da solicitude de cambio de titularidade achegada por don Odón C. Cobas García, en calidade de titular da autorización para funcionamento de furancho en Galegos, 10 (San Pedro de Vilanova) a nome de Lucía Cobas Rey.

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia a Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial, e toma coñecemento do novo titular, Lucía Cobas Rey, que non supoñen modificacións na autorización de apertura de data do 16 de xaneiro de 2014.

O novo período de apertura será do 1 de decembro de 2015 ata o 1 de marzo de 2016. Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

5º.- Certificacións de obras.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



5.1.- Certificación núm. un e última da obra de *Arranxos en Ponte Ulla, San Pedro de Vilanova e outros* incluída no *Plan de Aforro e Investimentos (PAI 2015)*.

Dáse conta da certificación núm. un e última da obra de Arranxos en Ponte Ulla, San Pedro de Vilanova e outros (código 15.3290.0098.0) incluída no Plan de Aforro e Investimentos (PAI 2015), levada a cabo pola administración, por importe de trinta e dous mil vinte e un euros con corenta e un céntimos (#32.021,41#), sendo a directora da obra a arquitecta técnica dona Clara María Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación.

5.2.- Certificación núm. un e última da obra de *Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre*, financiada parcialmente pola Deputación Provincial a través de convenio (nº 106/2015).

Dáse conta da certificación núm. un e última da obra de *Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre*, financiada parcialmente pola Deputación Provincial a través de convenio (nº 106/2015), e da factura núm. 121/15 da empresa adxudicataria Martínez Montes e Hijos, S.L, por importe de cento seis mil seiscentos un (#106.601#) euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

6º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

Transcorrido o prazo de garantía para a execución da seguintes obras: *Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde e Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño*, e dado que durante o prazo de exposición ao público non se presentaron reclamacións, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución dos citados avais ás empresas adxudicatarias das obras, Martínez Montes e Hijos, S.L e Construcciones Boqueixón, S.L respectivamente.

7º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
83	12/06/2015	901,22	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Subministro e instalación de porta de dúas follas para a escola de San Xián de Sales
84	12/06/2015	2.827,19	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Subministro e instalación de ventás e portas no local multiusos do campo fútbol Santa Cruz (obra de acondicionamento)
85	12/06/2015	496,10	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Subministro e instalación de ventá de seguridade no local multiusos do campo fútbol Sta. Cruz (obra de acondicionamento)
1045647	18/09/2015	768,17	Würth España, S.A.	Materiais para o O.E. Boqueixón-Vedra servidos o 18/09/15 (obra rehabilitación nave da estación do tren de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				Santa Cruz)
125	30/09/2015	121,91	Garcia Garcia, S.C.	Materiais para o O.E. Boqueixón-Vedra servidos no 3T/2015 (obra rehabilitación nave da estación do tren de Santa Cruz)
15-00929	30/09/2015	260,00	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Aluguer de colectores de escombros para o O.E. Boqueixón-Vedra mes de setembro
A/478	31/08/2015	52,42	Comercial Sanchez y Torres, S.C. (Taller-Repuestos Maquinaria Agrícola)	Materiais e repostos para a maquinaria da brigada verde subministrados en agosto
510/8	26/10/2015	417,45	Alquimao S.L.	Servizo de baños químicos e valos de sinalización para a actividade <i>Pasabodegas 2015</i> (programa <i>Espazo Activo</i>)
34915E	28/10/2015	15,00	Electro Bermudez-Jose Bermudez Reboredo	Lector de DNI electrónico subministrado en outubro para uso nas oficinas xerais
32/2015	28/10/2015	2.469,91	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U.	Servizos de informes, xestións e asesoramento en trámites de desenvolvemento do parque empresarial no mes de outubro
P 506611	22/10/2015	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2015 a marzo/2016 mes outubro
D301021	29/10/2015	135,50	Diario Oficial Galicia	Taxa por publicación anuncio de urbanismo (expte. plan especial casa Louzao en Ponte Ulla) a repercutirle ao interesado
191	08/10/2015	278,30	Dixitalcor 2011, S.L.	Subministro de dous carteis anunciadores de licenza de obra particular (gasto a repercutir aos interesados)
V 10-2015 183	30/10/2015	6.172,30	Ana Naya Garcia, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal (gardería) mes outubro
016/15	31/10/2015	3.250,01	Villasenin Iglesias Ruben	Servizo de monitor no marco do programa <i>Conxuga</i> , mes outubro
15/10	31/10/2015	1.733,54	Freiria Suarez Jose Maria	Servizos de limpeza do centro de saúde e escolas no mes de outubro e limpeza puntual planta superior da escola de San Xián
10	31/10/2015	1.314,87	Suarez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				Vilanova mes outubro
Recibo	03/11/2015	54,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a <i>Movistar+</i> para a casa da Terceira Idade mes novembro
015/50	09/10/2015	800,00	Amextreme Kayak-Fernandez Vazquez Jose Luis	Servizos prestados para a actividade deportiva municipal <i>Agronovo 2015</i> (aluguer de piraguas e seguro)
9022449	27/10/2015	9,76	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo municipal de madrugadores mercados en outubro
3014104	03/11/2015	16,70	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo municipal de madrugadores mercados en novembro
T29881	26/08/2015	5,85	Garcia Garcia, S.C.	Materiais para a ludoteca de verán adquiridos en agosto
3016707	12/08/2015	24,72	Mercamella, S.L.	Materiais e produtos para a ludoteca de verán mercados en agosto
1506956	01/10/2015	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizos de conservación e mantemento do elevador instalado no CPI de Vedra período 4T/2015
25 3032	27/10/2015	1.101,87	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo A para os vehículos municipais subministrado en outubro na nave de Trobe
4001660039	31/10/2015	647,79	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e envíos publicitarios sen enderezo mes outubro
2015856	03/11/2015	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal mes outubro
CR 10/15	06/11/2015	302,50	Galitrans-96, S.L.	Transporte de alimentos da Cruz Vermella para servizos sociais municipais dende Coruña ata Vedra realizado o día 06/11/2015
93495733	06/11/2015	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da máquina da planta baixa correspondente ao mes de novembro
011024574/011024993	04/11/2015	19,48	Mercamella, S.L.	Alimentos para o servizo municipal de madrugadores adquiridos en novembro
FE15321186716763	27/10/2015	408,63	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á piscina municipal período 22/08/2015 - 22/10/2015
FE15321184508791	01/10/2015	225,62	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á gardería municipal período 30/08/2015 - 24/09/2015
FE15321184598749	05/10/2015	859,92	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CPI de Vedra período 28/08/2015 - 25/09/2015
FE15321185063308	07/10/2015	315,48	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Dozar período 28/08/2015 - 25/09/2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



FE15321185063310	07/10/2015	659,33	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Sol período 31/07/2015 - 25/09/2015
FE15321185063311	07/10/2015	262,68	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 29/08/2015 - 25/09/2015 (CUPS ES0022000007480452RB1P)
FE15321185063309	07/10/2015	117,72	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Fufín período 28/08/2015 - 25/09/2015
FE15321185063313	07/10/2015	267,99	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 29/08/2015 - 25/09/2015
FE15321185063312	07/10/2015	180,92	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 29/08/2015 - 25/09/2015 (CUPS ES0022000004975461QL1P)
FE15321185906156	19/10/2015	308,01	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á casa consistorial período 28/08/2015 - 24/09/2015
FE15321187062303	30/10/2015	669,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de San Mamede período 25/08/2015 - 22/10/2015
406//15	31/10/2015	47,96	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais e produtos para mantemento da maquinaria da brigada verde subministrados en outubro
1501058682	02/11/2015	221,55	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes novembro
27160337415	07/11/2015	34,50	Alcampo Santiago	Produtos e alimentos para o servizo municipal de madrugadores mercados en novembro
994	06/11/2015	140,40	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	Castañas para a celebración do magosto da Terceira Idade subministradas o 06/11/2015
15-1553	31/10/2015	6,51	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a formigoneira da brigada de obras subministrada o 08/10/2015
15-1550	31/10/2015	50,00	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A subministrado o 27/10/2015 como premio do programa de promoción turística Vedra de Tapas 2015
15-1552	31/10/2015	26,02	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada o 21/10/2015
15-1551	31/10/2015	1.093,54	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados no mes de outubro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



50000500	31/10/2015	686,78	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	Materiais subministrados no mes de outubro para mantemento de escolas, CPI Vedra, casa consistorial e vías públicas
4320150301336	20/10/2015	2.164,38	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 3T/2015 (contador do Pico Sacro)
4320150301527	20/10/2015	218,19	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 3T/2015 (contador marxe dereita EN-525)
4320150301528	20/10/2015	32,27	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello no 3T/2015 (contador marxe esquerda EN-525)
6/15	16/10/2015	115,50	Barcala Chedas Montserrat	Impartición de obradoiro de bailoterapia para a Terceira Idade nos meses de xullo a setembro
150012	11/11/2015	151,80	Isla Arjones Jesus	Zocos para o persoal do servizo municipal de limpeza subministrados en outubro
A15//677	31/10/2015	100,67	German Mallo, S.L.	Repastos para o camión de recollida do lixo subministrados en outubro
156309420151109426630	09/11/2015	16,85	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Telegrama de pésame enviado á familia con motivo do falecemento de don Modesto Paz Camps
C17-15	30/09/2015	675,08	Fundacion Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de setembro e acollemento de dous animais neste período
C19-15	31/10/2015	641,08	Fundacion Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de outubro e acollemento dun animal neste período
15-01047	31/10/2015	701,34	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de aluguer e xestión de colectores prestado no punto limpo durante o mes de outubro
045500002415FAC	01/11/2015	3.104,21	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar durante o mes de outubro (horas de libre concorrencia)
045500002515FAC	01/11/2015	582,68	Clece, S.A.	Prestación do servizo de apoio e asesoramento do SAD de xestión municipal durante o mes de outubro
44	31/10/2015	71,00	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia	Roscas e pastas artesanais subministradas en setembro para a Romaría do Burgo da Terceira Idade
A00029126	31/10/2015	25,68	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	Servizos de transporte prestados os días 14 e 21 de outubro de 2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



P15 15068	31/10/2015	290,40	La Voz de Galicia, S.A.	Publicación anuncio de urbanismo sobre expte. Plan Especial en Ponte Ulla (casa Louzao) a repercutir ao interesado
A10000639485-115	01/11/2015	1.259,67	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados durante o período do 01/10/2015 ao 31/10/2015
TA5650007656	19/10/2015	22,16	Telefónica de España SAU	Cotas do mes de outubro e período de tráfico de setembro correspondente ao fax de Servizos Sociais
Rect- 2	12/11/2015	6.241,48	Acofide 2000 Xestion, S.L.	Contrato de xestión de actividades e mantemento do polideportivo municipal de Vedra mes outubro (fra.electrónica Emit-9)
840613122	06/11/2015	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais mes novembro
15/000203	30/10/2015	77,68	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras de mantemento nas vías públicas municipais en S. Xián, S. Miguel e Trobe subministrados en outubro
15/000204	30/10/2015	85,18	M.C. Mapoca, S.L.	Materias para mantemento de edificacións e vías públicas e traxe de augas para a brigada verde subministrados en outubro
15/000205	30/10/2015	168,86	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados para traballos de dotación de subministro eléctrico á estación de telefonía móbil de San Fins
15/000206	30/10/2015	180,35	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para o punto limpo, o CPI e o polideportivo de Vedra subministrados en outubro
Recibo	07/11/2015	182,93	Vilas Castro Xaime	Actuación musical no magosto da Terceira Idade 2015
0639/E15	30/10/2015	1.025,29	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras lateral e avanzada realizadas no mes de outubro
0640/E15	30/10/2015	353,42	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do tractor J. Deere E2564BDT realizadas en outubro
0641/E15	30/10/2015	13,92	Talleres San Fins S.L.	Subministro e substitución de lámpada do tractor J. Deere E7264BFN en outubro
0642/E15	30/10/2015	218,91	Talleres San Fins S.L.	Reparacións da retroescavadora Fiat E6073BBD no mes de outubro
I15 1168	31/10/2015	121,00	La Voz de Galicia, S.A.	Concerto de publicidade do Concello na Voz de Galicia dixital (lavozdeg Galicia.es)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				mes outubro
4001629606	30/09/2015	525,57	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no mes de setembro
C/1002 – 15215	16/11/2015	14,96	Acredores diversos	Tickets de Nino Centro de Impresión Digital, SL y Boel Seguridad, S.L. por materiais para o departamento urbanismo
TA5660007568	19/11/2015	21,97	Telefonica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento municipal de servizos sociais (cota do mes de novembro)
43	12/11/2015	2.203,05	Instalac. Electricas Lino - Casal Neira Lino	Traballos realizados en gardería municipal, CPI Vedra, escola S.Xián e nave estación tren Sta.Cruz en setembro e outubro
P 507222	15/11/2015	242,00	Editorial Compostela, SA	Publicación de nota necrolóxica no diario El Correo Gallego polo falecemento de don Modesto Paz Camps
CI0806934410	15/11/2015	166,56	Vodafone España, S.A.U.	Servizos telefónicos correspondentes ao período 15/10/2015 - 14/11/2015 (cotas mensuais de 5 teléfonos)
Recibo 6509080917	16/11/2015	8,75	Helvetia Compañía Suiza, S.A. de Seguros	Seguro contratado para o tractor Lamborghini E9223BBB período 16/11/2015 a 30/12/2015 (póliza V5A410000295)
Recibo 6509081171	16/11/2015	6,13	Helvetia Compañía Suiza, S.A. de Seguros	Seguro contratado para o remolque E9224BBB período 16/11/2015 a 30/12/2015 (póliza V5A630000131)
Recibo 6509081095	16/11/2015	6,65	Helvetia Compañía Suiza, S.A. de Seguros	Seguro contratado para o remolque E6787BBT período 16/11/2015 a 30/12/2015 (póliza V5A630000132)
2015/2926	31/10/2015	8.430,28	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos mes outubro 2015
Recibo 6509080921	19/11/2015	9,08	Helvetia Compañía Suiza, S.A. de Seguros	Seguro contratado para o tractor J. Deere C89650VE período 19/11/2015 a 30/12/2015 (póliza V5A410000296)
15246	20/11/2015	9,60	Boel Seguridad S.L.	Dúas copias de chaves da casa de cultura de Santa Cruz realizadas en novembro
219	19/11/2015	160,00	Dixitalcor 2011, S.L.	Cartel anunciador obra cuberta-ventilación polideportivo de Vedra subministrado en novembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				(a repercutirle á empresa)
GC00017	23/11/2015	1.200,00	Maeve McLoughlin	Clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de outubro
15039	01/06/2015	314,60	Brocos Mareque Eduardo	Camisetas subministradas para a proba deportiva Día da Bicicleta 2015 en Trobe
0101- 1501247	31/10/2015	35,09	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	Servizo de recollida de residuos selectivos prestado no punto limpo o día 13/10/2015
P 507296	22/11/2015	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2015 a marzo/2016 mes novembro
Ticket núm. 0508	23/11/2015	14,25	Foto Estudio Miguel, S.L.	Detalle adquirido para agasallar á señora centenaria residente en S. Pedro de Sarandón
Liquidación		366,09	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización polas reunións mantidas os días 5 e 16/11/2015, para a apertura dos sobres presentados para a contratación da <i>xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal</i> mediante concesión administrativa
Liquidación		199,81	Sanmartín Carrera Carlos J.	Indemnizacións, autoestrada, aparcamento e quilometraxe por asistencia a curso de nóminas <i>GINPIX7</i> na Coruña os días 12 e 17/11/2015 e quilometraxe por xestións da Tesourería municipal do período 29/10/15 a 18/11/15
Liquidación		79,53	Pereiras Caldelas Mercedes	Indemnización, autoestrada, aparcamento e quilometraxe por asistencia o día 03/11/2015 á xornada de presentación da nova versión de <i>SIGM-Decretos</i> na sede da Deputación Provincia da Coruña
Liquidación		136,75	Amenal Junquera Teresa	Indemnización, autoestrada, aparcamento e quilometraxe por asistencia os días 29/10/2015 e 03/11/2015 ás xornadas de presentación da nova versión de <i>SIGM</i> na sede da Deputación Provincia da Coruña
Liquidación		48,75	Chas Bao José Ramón	Quilometraxe dos meses de xuño, xullo, setembro e outubro de 2015 polos viaxes a Santa Cruz para traballos no arquivo municipal



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Liquidación		69,50	Lema Rodríguez Clara	Quilometraxe dos meses de setembro, outubro e novembro
Liquidación		162,80	Aldrey Pereira Ana M ^a	Axudas de custo, indemnizacións e quilometraxe por asistencia os días 9, 10, 11 e 17/11/2015 a cursos de formación sobre Intervención con menores desprotexidos e SIUSS-SAF
Liquidación		53,50	Sabio Sanz Carmen A.	Quilometraxe do mes de outubro polo desenvolvemento do programa de Educación Familiar
Liquidación		40,00	José I Munín Castelao	Quilometraxe dos meses de setembro e outubro
Liquidación		34,25	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes outubro
Liquidación		26,50	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes outubro
Liquidación		90,25	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes outubro
Liquidación		206,00	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes outubro
Liquidación		57,50	Vilariño Rodríguez M ^a Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes outubro
Liquidación		146,74	Carlos Martínez Carrillo	Quilometraxe, autoestrada e gastos de aparcadoiro do mes de novembro

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia na factura de Droguería-Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

8º- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social.

8.1.- Escrito núm. 515/15 de dona N.A.A (DNI núm. 76809111J)

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e equipamento básico de primeira necesidade.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, e en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social, acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para a cobertura de necesidades básicas e douscentos sesenta e nove euros (#269,00#) para a reposición de electrodomésticos.

8.2.- Escrito núm. 1410/15 de don N. L. V (DNI núm. 33229260X)



Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita unha axuda de emerxencia social para o pago de subministración eléctrica en vivenda e material buco-dental.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, e en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social, acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) para material bucodental e cento seis euros con vinte céntimos (#106,20#) para gastos de dous meses de subministración eléctrica na vivenda.

8.3.- Escrito núm. 1411/15 de dona A. V. R. (DNI núm. 44821210Y)

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e para o tratamento de rehabilitación de estimulación precoz do seu fillo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, e en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social, acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para a cobertura de necesidades básicas e cento corenta euros (#140,00#) para gastos de tratamento de rehabilitación.

8.4.- Escrito núm. 1412/15 de don E .J. M. T (DNI núm. 34899631Y)

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e pago de subministración eléctrica da súa vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, e en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social, acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para a cobertura de necesidades básicas e setenta e nove euros con cincuenta e sete céntimos (#79,57#) para gastos de subministración eléctrica.

8.5.- Escrito núm. 1464/15 de don L. C. M (DNI núm. 33262608P)

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita unha axuda de emerxencia social para a dotación de condicións mínimas de habitabilidade da súa vivenda (adquisición de portas de paso interiores).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, e en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social, acorda concederlle unha axuda por importe de mil euros (#1.000,00#)

8.6.- Escrito núm. 1465/15 de dona M^a. E. A. S (DNI núm. 09351777T)

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e para gastos de aluguer de vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, e en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social, acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para a cobertura de necesidades básicas e catrocentos euros (#400,00#) para gastos de aluguer de vivenda.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



9º.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións deportivas 2015.

En función da proposta da Comisión Avaliadora, a Xunta de Goberno acorda concederlle as seguintes subvencións para actividades deportivas, con cargo á partida 341-48000:

*C.D. SAN MAMEDE: 3.746,00

*ED VAL DO ULLA -RIBADULLA: 3.444,00

*U.D. VAL DO ULLA: 810,00

10º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de outubro:

Nº Decreto	Data	Asunto
428	01/10/2015	Baixa na gardería do menor Cibrán Alvar Pozo
429	02/10/2015	Ordenando a contratación de dona Jacqueline Deverell para impartir clases de inglés curso 2015-2016
430	02/10/2015	Arquivo ao solicitar licenza de legalización das actuacións incoadas a dona Jesusa López Andrade
431	05/10/2015	Cambio de domicilio de dona Sara Rico Barreiro
432	05/10/2015	Cambio domicilio de dona María Eugenia Álvarez Santos e fillo
433	07/10/2015	Aprobación prego expediente de contratación da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Matelo
434	08/10/2015	Incoando expediente limpeza de finca con depósito de escombros propiedade de dona Elena Iglesias Ojea
435	09/10/2015	Delegando funcións Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde dona Mª. Jesús Piñeiro Caldelas os días 13 e 14 de outubro e do 7-10 de novembro
436	13/10/2015	Concesión cambio xornada gardería á menor Amelia Hernández Álvarez
437	13/10/2015	Ampliación SAF a dona Perfecta Estévez Sandá
438	14/10/2015	Delegación no concelleiro don José A. Pose Rodríguez para celebración de matrimonio civil
439	14/10/2015	Aprobación gastos de axudas de custo e desprazamentos por accións de voluntarios nos meses de xullo e agosto
440	14/10/2015	Ordenando pago inmediato de catro facturas para xustificación da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar
441	15/10/2015	Clasificación ofertas contrato de obras de Ampliación da rede de abastecemento en Matelo
442	16/10/2015	Adxudicando a obra de Ampliación da rede de abastecemento en Matelo
443	19/10/2015	Aprobación certificación núm. Única e factura núm. 11015 de Martínez Montes e Hijos, S.L correspondente á obra de Ampliación da rede de abastecemento de auga en Matelo
444	20/10/2015	Cambio de titularidade recibo taxa lixo correspondente á vivenda situada no núm. 19 de Sobredo –Vilanova
445	20/10/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de D. Iago Rey Pérez
446	20/10/2015	Cambio de titularidade recibo taxa de sumidoiros correspondente á vivenda situada no nº 8 de Galegos -Vilanova
447	20/10/2015	Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo correspondente á vivenda situada no nº 6 de Marzán de Arriba – Vedra
448	20/10/2015	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo correspondente á vivenda situada no nº 8 de Vilar –Vilanova
449	21/10/2015	Ampliación SAF a D. Luís Alonso García segundo o PIA
450	22/10/2015	Cambio de epígrafe recibos taxas de recollida de lixo e sumidoiros correspondentes ao inmovible nº 17 de Eiravedra Santa Cruz de Ribadulla
451	26/10/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de dona Pilar Graña Campelo
452	27/10/2015	Incorporación ao SAF-Dependentes de Dª. Maria Carmen Cabo Rey (resolución do PIA)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



453	27/10/2015	Concesión praza gardería ao menor Martín González Rivas
454	29/10/2015	Ordenando a contratación de dúas monitoras de tempo libre para ludoteca e madrugadores á vista da proposta da Mesa de Selección
455	29/10/2015	Concedendo prazo a dona María de la Fuente Pedreira para legalizar piares en Pousada de Abaixo –Vedra
456	29/10/2015	Aprobando factura de Sport Equipalia, S.L e certificación da obra de Reparación da cuberta e instalación de ventilación no pavillón municipal de Vedra
457	29/10/2015	Outorgando unha subvención á Comisión de Festas de Vedra para compensar o consumo eléctrico por parte do concello no Museo de Vedra
458	30/10/2015	Alta no SAF de don Juan José Pereira Albela (libre concorrencia)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

11º.- Outros asuntos.

11.1.- Autorización venda ambulante.

Dáse conta da solicitude presentada por don José Freire Carabán, para autorización de venda ambulante de diversos produtos (patacas, millo, trigo,..) no termo municipal de Vedra, mediante vehículo cuxos datos son: Iveco Daily 35S12.

De conformidade co disposto no Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e de acordo coas súas ordenanzas específicas, autorizar o exercicio da venda ambulante, e á vista do contido da declaración presentada e da documentación que achega, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Concederlle a don a José Freire Carabán autorización para o exercicio da venda ambulante no termo municipal de Vedra, mediante vehículo con matrícula 3784DTZ.

A autorización terá una vixencia de 1 ano dende a data de concesión, debendo solicitarse a prórroga antes da finalización da súa vixencia.

2º.- Aprobar tamén a liquidación das taxas oportunas nos termos da ordenanza fiscal que a regula, e que figura no expediente, que ascende á cantidade de noventa e sete euros con vinte céntimos (#97,20#) xa ingresada na Tesourería municipal.

11.2.- Solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

11.2.1.- Escrito núm. 1436/2015 de dona M^a. Jesús Torres Ares.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 66%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

11.2.2.- Escrito núm. 1444/2015 de dona María del Carmen Cabo Rey.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 65%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

11.3.- Aceptación cesión de parcela por parte do AGADER.

Dáse conta da comunicación núm. 1373/15 da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre acordo da Presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) do 17 de outubro, polo que se lle cede ao concello en propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito, o seguinte ben inmovible, de carácter patrimonial, con destino a aproveitamento para a auga de regadía de uso veciñal.

Parcela 398-2 do polígono 506 da zona de concentración parcelaria de San Pedro e San Miguel de Sarandón, no concello de Vedra (A Coruña), cunha extensión superficial de vinte e una áreas e oitenta centiáreas. Limita norte con José Pereiro Martínez (401) e María Teresa Presas Valdés (400), sur con María Teresa Presas Valdés (397), leste con Manuel Gestoso Valdés (398-1) e oeste con camiño e José Pereiro Martínez (401).

Sobre esta parcela existe unha poza da que sae un rego e dúas minas das que saen cadansúas conducións subterráneas de auga. Ref. Catastral 15090A506020000000AI.

En función do establecido nos artigos 10 e 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986, do 13 de xuño), a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión da propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito do ben inmovible con referencia catastral 15090A506020000000AI, inscrita no Rexistro da Propiedade de Santiago de Compostela nº 1, Tomo 1721, libro 167, folio 74, nº rexistro finca 22500.

Segundo. Aceptar as demais condicións da cesión.

11.4.- Aprobación padróns da taxa do SAF.

Dáse conta dos padróns fiscais da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes aos tres trimestres do ano 2015, cuxo resumo é o seguinte

	1º TRIMESTRE		2º TRIMESTRE		3º TRIMESTRE	
	Nº usuarios	Importe	Nº usuarios	Importe	Nº Usuarios	Importe
<i>Dependientes</i>	22	5.363,36	27	5.711,35	30	7.097,63
<i>Libre concorrencia</i>	22	4.942,24	18	4.498,53	20	4.466,29
TOTAIS	44	10.305,6	45	10.209,88	50	11.563,92

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados padróns.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



11.5.- Solicitud de subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015.

Dáse conta da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 16 de novembro de 2015, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015 (DOG núm. 222/15, do 20 de novembro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para a prórroga dun axente de emprego de desenvolvemento local (AEDL).

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.